



A Entrevista. Eva González Rodríguez.
Coordinadora de Abraza la Tierra

Cales son os principais apoios que se ofrecen desde Abraza la Tierra ás persoas que queren desenvolver un proxecto de vida no medio rural?

Abraza la Tierra ofrece información, asesoramento e acompañamento antes, durante e despois da decisión de vivir no medio rural. Dividimos en tres os recursos sobre os que é necesario informar e acompañar. Os primeiros son os *recursos para a vida*, que inclúe recursos sanitarios, educativos, de vivenda e a rede social segundo centros de interese (a música, o deporte, etc.). Os segundos son os *recursos para a empresa*, ámbito no que informamos sobre as oportunidades de negocio, os traspasos ou negocios que teñen crises de relevo xeracional, as axudas e subvencións, as infraestruturas de transporte, a cobertura de ADSL, etc. En terceiro lugar están os recursos para o emprego, centrados nas ofertas de emprego (até o ano 2011 moitas destas ofertas no rural non se cubrían, pero agora este ámbito ten menor peso).

Cal é o perfil máis habitual de persoas que toman esta decisión vital?

O máis común é o perfil de parella sen fillos, de entre 30 e 40 anos, que proveñen de grandes cidades como Madrid ou Barcelona. Na maioría dos casos teñen formación superior. As súas motivacións teñen que ver co desexo de formar unha familia (na cidade élles difícil porque non teñen apoio familiar), a proximidade coa natureza, a busca de contornas sen delincuencia e as condicións de accesibilidade económica á vivenda.

Cales son os principais obstáculos para que estas persoas arraiguen neste medio?

Desde Abraza la Tierra recíbense unha media de 1600 solicitudes anuais e arraigan en torno ao 7%. Quen o consegue, queda, pero existen obstáculos para conseguilo, como a necesidade de ter a idea de negocio moi madura (non funcionan as fuxidas cara adiante), o forte consenso da parella nesta decisión ou o acceso a financiamento para levar adiante o seu proxecto.

Como abordades a acollida na comunidade?

Desde Abraza la Tierra dedicamos ano e medio de traballo á sensibilización e participación das comunidades. Realizamos reunións abertas sobre o problema do despoboamento, nas que eran os propios veciños e veciñas quen propuñan solucións. Deste traballo xorde o apoio de persoas voluntarias nos distintos pobos, que axudan na procura de información e nos procesos de acompañamento.

Todas as persoas de Abraza la Tierra vivimos e traballamos no mundo rural e temos un alto compromiso co proxecto.